

PROCEDEMENTO: CT207M– Axudas a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia.

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 10 de xuño de 2022, DOG núm 111, publícase a Resolución do 25 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT207M).

2. O compoñente 25, Spain Audiovisual Hub, integrante da política panca IX de impulso da industria cultural e do deporte do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, recolle reformas e investimentos orientados a mellorar a competitividade, competencia e resiliencia do tecido empresarial e creativo do sector audiovisual. En particular, é un dos proxectos do investimento denominado Programa de fomento, modernización e dixitalización do sector audiovisual, dirixido a desenvolver un plan de actuación global que transforme o actual ecosistema audiovisual español no seu conxunto. Este proxecto conta, entre outros, coa participación das comunidades autónomas tras as transferencias dos pertinentes fondos durante os anos 2021 e 2022 para convocatorias públicas de axudas. Deste xeito, as comunidades autónomas receptoras deste financiamento deberán destinar os créditos a entidades públicas e privadas no seu ámbito territorial.

3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 10 de xullo de 2022, procédese á avaliación das solicitudes recibidas, relacionadas o **Anexo I**, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

4. Como resultado da xestión de comprobación, establécese que os expedientes que se relacionan no **Anexo II** non se admiten por non reunir as persoas solicitantes os requisitos para poder ser beneficiarias da axuda polo causa que se indica. Así mesmos neste anexo relaciónase o desistido do procedemento pola propia iniciativa da persoa interesada.

5. Con datas 25 de outubro de de 2022 reúnese a comisión de valoración, creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.

6. O día 7 de novembro de 2022 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución concesión de axuda.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 18.1 das bases reguladoras, sinala que o órgano instructor, á vista do expediente, da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de Valoración, ditará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia de Agadic. Indicándose no artigo 18.2 que será o presidente do Consello Reitor da Agadic o órgano competente para ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

2. O 25 de outubro de 2022, reúnense a comisión de avaliación para estudo e análise das solicitudes susceptibles de ser subvencionadas. Rematada esta reunión, a comisión de avaliación remite a Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese **no anexo IV**.

3. Estas axudas teñen carácter plurianual e financiaranse con un crédito total de 843.697,42 euros para as anualidades 2022 e 2023 imputables á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.1 do código de proxecto 2021 00004.

4. A distribución dos créditos entre as persoas susceptibles de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 4 das bases da convocatoria e ao importe solicitado polos interesados, dando lugar ao **anexo V** que reflicte as entidades susceptibles de ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas.

5. Como resultado do anterior, resulta un crédito sobrance da convocatoria de 340.487,62 €. Deste xeito, todas as solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria acadan unha subvención dentro dos límites sinalados nas bases.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela, RESOLVO:

1. Admitir as solicitudes que se relacionan no anexo III por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
2. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo V.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día



seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



ANEXO I
SOLICITUDES RECIBIDAS

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207M/2022/01	Cine Donde No Hay Cine SL	B37544145	Promoción Y Mejora Del Cine En A Mariña
CT207M/2022/02	Septimo Arte SL	B36624336	Proyectos De Innovación, Funcionamiento Digitalizado Y Sostenible, Creación Y Fidelización De Públicos Y Adaptación
CT207M/2022/03	Nocturama SL	B70577481	Duplex Cinema
CT207M/2022/04	Coruña Films SL	B15560253	Plaza Elíptica-Modernización Y Automatización De Salas De Cine-8 Salas
CT207M/2022/05	Atlántico Multicines, SL	B41286873	Proyecto Digitización Sala Laser
CT207M/2022/06	Exhibiciones Cinematográficas Pato	B70383799	Cinexpo -Pontevedra 8 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/2022/07	Numax S. Coop. Galega	F70402490	Procesado E Análise Estatístico Para Achegar O Cinema Europeo E Iberoamericano A Novos Públicos
CT207M/2022/08	Coruña Films SL	B15560253	Pontevela-Orense 8 salas -Automatización Y Modernización Salas De Cine
CT207M/2022/09	Coruña Films SL	B15560253	Gran Arousa-Vilagarcía 7 Salas Automatización Y Modernización Salas De Cine
CT207M/2022/10	Santiago Díaz García	***535***	Cine Innovación E Sustentabilidade
CT207M/2022/11	Atlántico Multicines SL	B41286873	Proyecto Digitalización Sala Laser
CT207M/2022/12	Ruta De Comunicaciones, SL	B36456200	Cine Na Nosa Vila Para To@S
CT207M/2022/13	Coruña Films SL	B15560253	Bergantiños-Carballo 5 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/2022/14	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Rosales



N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207M/2022/15	Coruña Films SL	B15560253	Barbanza -Ribeira 3 Salas -Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/2022/16	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Vigo
CT207M/2022/17	Coruña Films SL	B15560253	Hollywood-Monforte-3 Salas
CT207M/2022/18	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Espacio
CT207M/2022/19	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo As Termas
CT207M/2022/20	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Vialia Vigo
CT207M/2022/21	Cinesa Compañía de Iniciativas y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa As Cancelas
CT207M/2022/22	Cinesa Compañía de Iniciativas y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa Marineda City
CT207M/2022/23	Sons Galiza Comunicación ,SL	B27193093	Innovador, Dixital E Sustentable Para Captar Público



ANEXO II
SOLICITUDES INADMITIDAS

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	Causas de inadmisión
CT207M/ 2022/05	Atlántico Multicines, SL	B41286873	Proyecto Digitlización Sala Laser	Solicitud duplicada
CT207M/ 2022/16	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Vigo	Artigo 10.2.g) lei 9/2007 subvencións de Galicia
CT207M/ 2022/18	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Espacio	Artigo 10.2,g) lei 9/2007 subvencións de Galicia
CT207M/ 2022/19	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo As Termas	Artigo 10.2,g) lei 9/2007 subvencións de Galicia
CT207M/ 2022/20	Yelmo Films SL	B82721473	Cine Yelmo Vialia Vigo	Artigo 10.2,g) lei 9/2007 subvencións de Galicia

SOLICITUDES DESISTIDAS

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	CAUSA
CT207M/ 2022/02	Septimo Arte SL	B36624336	Proyectos De Innovación, Funcionamiento Digitalizado Y Sostenible, Creación Y Fidelización De Públicos Y Adaptación	Solicitado polo interesado



ANEXO III
SOLICITUDES PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Expediente	Solicitante	NIF	Nome do Proxecto
CT207M/ 2022/01	Cine Donde No Hay Cine SL	B37544145	Promoción Y Mejora Del Cine En A Mariña
CT207M/ 2022/03	Nocturama SL	B70577481	Duplex Cinema
CT207M/ 2022/04	Coruña Films SL	B15560253	Plaza Eliptica-Modernización Y Automatización De Salas De Cine-8 Salas
CT207M/ 2022/06	Exhibiciones Cinematográficas Pato	B70383799	Cinexpo -Pontevedra 8 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/ 2022/07	Numax S. Coop. Galega	F70402490	Procesado E Análise Estatístico Para Achegar O Cinema Europeo E Iberoamericano A Novos Públicos
CT207M/ 2022/08	Coruña Films SL	B15560253	Pontevela-Orense 8 salas -Automatización Y Modernización Salas De Cine
CT207M/ 2022/09	Coruña Films SL	B15560253	Gran Arousa-Vilagarcía 7 Salas Automatización Y Modernización Salas De Cine
CT207M/ 2022/10	Santiago Díaz García	***535***	Cine Innovación E Sustentabilidade
CT207M/ 2022/11	Atlantico Multicines SL	B41286873	Proyecto Digitalización Sala Laser
CT207M/ 2022/12	Ruta De Comunicaciones, SL	B36456200	Cine Na Nosa Vila Para To@S
CT207M/ 2022/13	Coruña Films SL	B15560253	Bergantiños-Carballo 5 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/ 2022/15	Coruña Films SL	B15560253	Barbanza -Ribeira 3 Salas -Automatización Y Modernización De Salas De Cine
CT207M/ 2022/17	Coruña Films SL	B15560253	Hollywood-Monforte-3 Salas



Expediente	Solicitante	NIF	Nome do Proxecto
CT207M/ 2022/21	Cinesa Compañía De Iniciativas Y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa As Cancelas
CT207M/ 2022/22	Cinesa Compañía De Iniciativas Y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa Marinada City
CT207M/ 2022/23	Sons Galiza Comunicación ,SL	B27193093	Innovador, Dixital E Sustentable Para Captar Público



ANEXO IV
SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

N.º expediente	Entidade	NIF	Nome do proxecto	Puntuación criterios automáticos	Puntuación criterios técnicos	Puntuación total
CT207M/2022/12	Ruta De Comunicaciones, SL	B36456200	Cine na nosa Vila para To@S	32	18,5	50,5
CT207M/2022/03	Nocturama SL	B70577481	Duplex Cinema	27	17	44
CT207M/2022/21	Cinesa Compañía De Iniciativas Y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa As Cancelas	26	16,5	42,5
CT207M/2022/22	Cinesa Compañía De Iniciativas Y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa Marineda City	26	16	42
CT207M/2022/07	Numax S. Coop. Galega	F70402490	Procesado e Análise Estatístico Para achegar o cinema europeo e Iberoamericano a novos públicos	25	16,5	41,5
CT207M/2022/10	Santiago Díaz García	***535***	Cine innovación e sustentabilidade	26	15,5	41,5
CT207M/2022/11	Atlantico Multicines SL	B41286873	Proyecto digitalización Sala Laser	24	17	41
CT207M/2022/23	Sons Galiza Comunicación ,SL	B27193093	Innovador, dixital e sustentable para captar público	27	12,5	39,5
CT207M/2022/01	Cine Donde No Hay Cine SL	B37544145	Promoción y mejora del cine en a Mariña	26	12	38
CT207M/2022/06	Exhibiciones Cinematográficas Pato	B70383799	Cinexpo -Pontevedra 8 Salas automatización y modernización de salas de cine	26	10	36
CT207M/2022/04	Coruña Films SL	B15560253	Plaza Eliptica-Modernizacion Y automatizacion de salas de cine	25	10	35
CT207M/2022/08	Coruña Films SL	B15560253	Pontevella-Orense 8 salas - Automatización y modernización salas de cine	24	9,5	33,5
CT207M/2022/09	Coruña Films SL	B15560253	Gran Arousa-Vilagarcia 7 Salas Automatización Y Modernización Salas De Cine	22	10	32



N.º expediente	Entidade	NIF	Nome do proxecto	Puntuación criterios automáticos	Puntuación criterios técnicos	Puntuación total
CT207M/ 2022/17	Coruña Films SL	B15560253	Hollywood-Monforte	21	11	32
CT207M/ 2022/13	Coruña Films SL	B15560253	Bergantiños-Carballo 5 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine	19	12	31
CT207M/ 2022/15	Coruña Films SL	B15560253	Barbanza -Ribeira 3 Salas - Automatización Y Modernización De Salas De Cine	16	11	27



ANEXO V
ENTIDADES SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA PROPOSTA	
					ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023
CT207M/ 2022/12	Ruta de Comunicacións, SL	B36456200	Cine na nosa Vila para To@S	24.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €
CT207M/ 2022/03	Nocturama SL	B70577481	Duplex Cinema	24.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €
CT207M/ 2022/21	Cinesa Compañía de Iniciativas y Espectáculos SA	A08109506	Vista - Cinesa As Cancelas	38.400,00 €	19.200,00 €	19.200,00 €
CT207M/ 2022/22	Cinesa Compañía De Iniciativas Y Espectáculos, SA	A08109506	Vista - Cinesa Marineda City	48.000,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €
CT207M/ 2022/07	Numax S. Coop. Galega	F70402490	Procesado e Análise Estatístico Para achegar o cinema europeo e Iberoamericano a novos públicos	21.600,00 €	10.800,00 €	10.800,00 €
CT207M/ 2022/10	Santiago Díaz García	***535***	Cine innovación e sustentabilidade	24.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €
CT207M/ 2022/11	Atlántico Multicines SL	B41286873	Proyecto digitalización Sala Laser	48.000,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €
CT207M/ 2022/23	Sons Galiza Comunicación ,SL	B27193093	Innovador, dixital e sustentable para captar público	24.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €
CT207M/ 2022/01	Cine Donde No Hay Cine SL	B37544145	Promoción y mejora del cine en a Mariña	26.400,00 €	13.200,00 €	13.200,00 €
CT207M/ 2022/06	Exhibicións Cinematográficas Pato	B70383799	Cinexpo -Pontevedra 8 Salas automatización y modernización de salas de cine	38.400,00 €	19.200,00 €	19.200,00 €
CT207M/ 2022/04	Coruña Films SL	B15560253	Plaza Eliptica-Modernización Y automatización de salas de cine	38.400,00 €	19.200,00 €	19.200,00 €
CT207M/ 2022/08	Coruña Films SL	B15560253	Pontevedra-Orense 8 salas - Automatización y modernización salas de cine	38.400,00 €	19.200,00 €	19.200,00 €
CT207M/ 2022/09	Coruña Films SL	B15560253	Gran Arousa-Villagarcía 7 Salas Automatización Y Modernización Salas De Cine	25.609,80 €	12.804,90 €	12.804,90 €



CT207M/ 2022/17	Coruña Films SL	B15560253	Hollywood-Monforte	26.400,00 €	13.200,00 €	13.200,00 €
CT207M/ 2022/13	Coruña Films SL	B15560253	Bergantiños-Carballo 5 Salas Automatización Y Modernización De Salas De Cine	31.200,00 €	15.600,00 €	15.600,00 €
CT207M/ 2022/15	Coruña Films SL	B15560253	Barbanza -Ribeira 3 Salas - Automatización Y Modernización De Salas De Cine	26.400,00 €	13.200,00 €	13.200,00 €

